



Expediente nº: 14-IDAE_3/2020

Memoria xustificativa

Procedemento: Contrato de Obras por procedemento aberto simplificado

Asunto: Contratación das obras de reforma do alumeadado público

Memoria xustificativa

1. Introducción

As intervencións pretendidas no presente expediente de contratación non poden acometerse cos medios propios do Concello, xa que é necesario o uso de maquinaria específica da que se carece, non contando tampouco co persoal necesario.

Doutra banda, debe terse en conta que o obxecto afecta ás instalacións de alumeadado público exterior repartidas polas parroquias do concello de Valados, Castiñeiro, Villardá, Toutelle, Xunqueado, A Cruz e Santa Cruz, necesarias para o desenvolvemento vida no municipio, tanto nos seus aspectos social e económico, como de seguridade e comunicación.

2. Descrición da situación actual

a. Situación na Institución

Actualmente, ditas instalacións atópanse nun estado bastante deficiente, feito polo que se plantexa a súa renovación para ser adaptadas á normativa actualmente en vigor e conseguir un significativo aforro económico e eficiencia enerxética como obxectivos prioritarios, ao que se engade contar cunhas instalacións de baixa emisión de carbono.

As actuacións afectarán aos seguintes elementos do alumeadado público:

- Luminarias: trátase de luminarias pechadas de aluminio con aloxamento para equipamento auxiliar tipo CMRX de Indalux ou similares, con instalación de lámpadas de sodio de alta presión (VSAP) de 100 W e equipo auxiliar convencional de tipo magnético.
- Soportes de luminarias: están constituídos na súa práctica totalidade por apoios de formigón de alturas entre 9 e 11 metros, dependendo da ubicación dos mesmos, con instalación de brazo de aceiro galvanizado de 1 e 1,5 metros.
- Cableado: o tendido é aéreo ou grampado na fachada, con emprego de cobre de seccións superiores aos 4 mm² en xeral e seccións de 2,5 mm² en algún ramal existente en puntos determinados do tendido aéreo da instalación e cable de aluminio de tipo RZ con sección superior a 10 mm² tensados con emprego de elementos de fixación (ganchos e pinzas).
- Cadros eléctricos ou centros de mando: Cada unha das instalacións atópase alimentada no seu orixe desde un cadro xeral de mando e protección, con instalación de equipos de medida e en estado bastante deficiente.

b. Marco normativo

Disposicións xerais:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014.





- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais; e disposicións modificadoras posteriores (Lei 54/2003, do 12 de decembro).

Doutra banda, son de aplicación as directrices ditadas no Planeamento Urbanístico vixente no termo municipal de Montederramo sobre preservación ambiental, así como as seguintes disposicións legais vixentes:

- Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.
- Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.
- Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, así como as súas posteriores modificacións.
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, modificado polo Real decreto 606/2003, do 23 de maio, e polo Real decreto 9/2008, do 11 de xaneiro.
- Regulamento da Administración Pública da Auga e da Planificación Hidrolóxica en desenvolvemento dos Títulos II y III da Lei do Auga, aprobado polo Real decreto 927/1988, do 29 de xullo.
- Regulamento da Planificación Hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Lei 12/2011, do 26 de decembro, de Medidas Fiscais e Administrativas de Galicia
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído.
- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de Residuos de Galicia.
- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de Residuos e solos contaminados.
- Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos, aprobado mediante Real decreto 952/1997, do 20 de xuño.
- Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.
- Lei 21/2013, do 9 decembro, de Avaliación ambiental.
- Lei 9/2013, do 9 de decembro, de Emprendemento e competitividade económica en Galicia.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Finalmente, no referente á normativa técnica, tanto a de redacción de proxectos como a de materiais a empregar, é de aplicación a seguinte normativa específica:

- Real Decreto 187/2016, do 6 de maio, polo que se regulan as esixencias de seguridade de material eléctrico destinado a ser utilizado en determinados límites de tensión, polo que se traspón a Directiva 2014/35/UE sobre a armonización das lexislacións dos Estados membros





en materia de comercialización de material eléctrico destinado a utilizarse con determinados límites de tensión.

- Real Decreto 186/2016, do 6 de maio, polo que se regula a compatibilidade electromagnética des equipos eléctricos e electrónicos, polo que se traspón a Directiva 2014/30/UE sobre a armonización das lexislacións dos Estados membros en materia de compatibilidade electromagnética.
- Real Decreto 219/2013, do 22 de marzo, sobre restricións á utilización de determinadas substancias perigosas en aparatos eléctricos e electrónicos.
- Real Decreto 187/2011, do 18 de febreiro, relativo ao establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos relacionados coa enerxía.
- Regulamento 1194/2012 da Comisión, do 12 de decembro de 2012, polo que se aplica a Directiva de Ecodeseño 2009/125/CE ás lámpadas direccionables, lámpadas LED e seus equipos. Incluídas súas modificacións posteriores.
- Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeado exterior e súas Instrucións técnicas complementarias EA-01 a EA-07 e súa guía de interpretación, aprobado por Real Decreto 1890/2008, do 14 de novembro.
- Regulamento electrotécnico de baixa tensión, aprobado por Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, e súas Instrucións técnicas complementarias ITC-BT-01 a ITC-BT-51.
- Regulamento CE 245/2009 da Comisión, do 18 de marzo, polo que se aplica a Directiva 2005/32/CE do Parlamento Europeo, relativo aos requisitos de deseño ecolóxico para lámpadas, balastos e luminarias. Incluídas súas modificacións posteriores.
- Regulamento 874/2012 da Comisión, do 12 de xullo, polo que se complementa a Directiva 2010/30/UE do Parlamento Europeo e do Consejo, no relativo ao etiquetado enerxético das lámpadas eléctricas e as luminarias. Incluídas súas modificacións posteriores.
- UNE 20-460-94 Parte 5-523: Intensidades admisibles nos cables e condutores illados.
- UNE 20-434-90: Sistemas de designación de cables.
- UNE 20-435-90 Parte 2: Cables de transporte de enerxía illados con dieléctricos secos extruídos para tensións de 1 a 30 kV.
- UNE 20-460-90 Parte 4-43: Instalacións eléctricas en edificios. Protección contra as sobreintensidades.
- UNE 20-460-90 Parte 5-54: Instalacións eléctricas en edificios. Posta a terra e condutores de protección.
- EN-IEC 60947-2:1996 (UNE – NP): Aparamenta de baixa tensión. Interruptores automáticos.
- EN-IEC 60947-2:1996 (UNE – NP) Anexo B: Interruptores automáticos con protección incorporada por intensidade diferencial residual.
- EN-IEC 60947-3:1999: Aparamenta de baixa tensión. Interruptores, seccionadores, interruptores-seccionadores e combinados fusibles.
- EN-IEC 60269-1 (UNE): Fusibles de baixa tensión.
- EN 60898 (UNE – NP): Interruptores automáticos para instalacións domésticas e análogas para a protección continua a sobreintensidades.
- UNE-EN 60598-1 Luminarias. Requisitos xerais e ensaios.





- UNE-EN 60598-2-3 Luminarias. Requisitos particulares.
- UNE-EN 62471:2009 Seguridade fotobiolóxica de lámpadas e aparatos que utilizan lámpadas.
- UNE-EN 60598 Certificado sobre grado de hermeticidade da luminaria: conxunto óptico e xeral.
- UNE-EN 62560. Seguridade en lámpadas LED con dispositivo de control incorporado de tensión de alimentación > 50 V.
- UNE-EN 61000-3-2. Compatibilidade electromagnética.
- UNE-EN 61000-3-3
- UNE-EN 55015
- UNE-EN 61547
- UNE-EN 62031
- UNE-EN 61347-2-13
- UNE-EN 62384
- EN-IEC 62612
- EN-IEC 62717
- EN-IEC 62722

3. Obxecto do contrato

Coas intervencións que se pretenden coa realización do presente contrato preténdese a execución de actuacións nas instalacións de alumado público exterior repartidas por tódalas parroquias do concello, intervindo nos viais que discorren polos núcleos rurais do Concello de San Xoán de Río, segundo se indica no apartado seguinte.

Os tipos de vías existentes son pistas e camiños pavimentados no interior dos núcleos rurais ou unindo os mesmos. Trátase de vías de anchura media de 3 a 5 metros, con densidade de tráfico baixa e trazado non uniforme.

O uso da instalación proxectada será o alumado vial funcional.

4. Análise técnica

a. Consideracións técnicas e requirimentos

A continuación resúmese o alcance das obras previstas, cos seus elementos principais:

a. Luminarias

Instalación de 76 novas luminarias dotadas con tecnoloxía LED de alto rendemento e reguladas a 50 W de potencia nominal de entrada, modelo da Familia NaviaP de SOLITEC, de potencia axustable, ou con similares características. Trátase de luminarias de tipo viario.

b. Soportes de luminarias

Mantéñense os existentes, instalándose 76 novos brazos de aceiro galvanizado en substitución dos existentes.

c. Cableado

Comprobarase seu estado, debendo reparar os defectos que supoñan risco para as persoas ou provoquen un mal funcionamento da instalación. Se en determinados puntos existen deficiencias tales como empalmes e vanos mal tensados, deberán ser subsanados, procedéndose á limpeza da vexetación que cause afección.





d. Cadros eléctricos.

Contéplase a instalación de cadros de mando e protección das instalacións de alumado, en número de 10.

e. Reloxos astronómicos

Contéplase a instalación de reloxos astronómicos para controlar de forma automática os sistemas de alumado en función do orto e o ocaso do sol, en número de 10.

Cadro-resumo das actuacións pretendidas

	Luminarias	Reloxo astronómico	Cadro de mando	Brazo/ Soporte	Conductor (MI)
Valados	13	1	1	13	390
Castiñeiro	7	1	1	7	210
Villardá	17	1	1	17	510
Toutelle	8	1	1	8	240
Xunqueado	11	1	1	11	330
A Cruz	16	1	1	16	480
Santa Cruz	4	1	1	4	120
TOTAL	76	7	7	76	2.280

O Concello de San Xoán de Río non dispón de PXOM en vigor, polo que serán de aplicación as normas subsidiarias provinciais e a Lei do Solo de Galicia. Asemade, co fin de dar cumprimento ao artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, as obras públicas municipais que se redactan no presente proxecto cumpren coa lexislación urbanística e sectorial, así como co planeamento en vigor.

Dado que o importe da obra (I.V.E. excluído) é menor de 500.000 euros, aos efectos previstos no artigo 77 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non se require clasificación para a licitación desta obra, tendo en conta o prazo de execución da mesma, o seu orzamento e a súa tipoloxía.

En derradeiro lugar, Establécese un prazo de garantía de 1 ano, contado a partires da recepción da obra totalmente concluída.

De acordo co disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o presente proxecto cumpre co artigo 99, posto que as obras proxectadas son susceptibles de utilización e constitúen unha unidade funcional, de aí a non división en lotes das mesmas, e co artigo 249, por tratarse dunha obra de utilidade pública.

5. Análise económica

a. Valor Estimado

Segundo o Proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial, D. Emilio Álvarez Suárez, colexiado nº 183, o valor estimado da obra ascende a 78.109,20 euros. O orzamento de execución por contrata ascende a cantidade 94.512,13 euros.

En todo caso, para o valor estimado do contrato tense en conta que nin se vai permitir a modificación do mesmo, porque a complexidade non o aconsella, nin a prórroga, dado que o seu financiamento vai correr a cargo do IDAE, a través do Programa operativo FEDER de crecemento





sostible 2014-2020 (R.D. 616/2017, do 16 de xuño), ao 80%, e tamén da Deputación Provincial, ao 20%, debendo estar completada ao longo do exercicio 2021.

b. Viabilidade

A contratación e posterior execución da obra a que fai referencia o presente expediente, finánciase ao 80,00% mediante unha subvención do IDAE, e ao 20,00% mediante subvención da Deputación Provincial, contando cun importe total de 94.512,13 euros. O Concello de San Xoán de Río non aporta fondos, polo que o impacto nos fondos propios do orzamento do exercicio 2020 e 2021 é inexistente.

c. Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira

A contratación da presente obra non vai impedir o cumprimento do principio de sustentabilidade financeira recollido no artigo 4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Elo é así, porque o Concello de San Xoán de Río dispón da Tesourería axeitada para o puntual cumprimento das súas obrigas financeiras, o que ven acreditado polo período medio de pago do derradeiro exercicio do que se remitiu información.

Doutra banda, ao tratarse dunha subvención cuxo importe cubre o 100,00% do investimento proxectado, suporá unha afectación nimia respecto tanto da estabilidade orzamentaria como da regra de gasto, e non afectará as previsións contidas no Orzamento aprobado polo Pleno Municipal.

6. Análise do procedemento

a. Xustificación do procedemento

Dentro dos procedementos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, vaise optar polo procedemento aberto simplificado, previsto no artigo 159 da Lei 9/2017. Nel, sinálase que poderá utilizarse o dito procedemento cando se cumpran as seguintes dúas condicións:

- Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000,00 de euros no caso de contratos de obras.
- Que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor ou, de habelo, súa ponderación non supere o 25% do total.

No presente caso, cúmprense estes dous requisitos, Asemade, ao acudir a este procedemento vaise conseguir unha tramitación mais sinxela, adecuada ao importe e tamaño do da entidade local, e, ao mesmo tempo, darlle cumprimento aos principios de liberdade de acceso as licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores, previstos no artigo 1 da Lei 9/2017.

Por último, vaise acadar a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente mais vantaxosa.

b. Cualificación do contrato

De conformidade co artigo 13 da Lei 9/2017, o presente contrato ten a cualificación de contrato de obras, pola realización de traballos comprendidos no Anexo I da Lei 9/2017, tratándose dun tipo que é de outras instalacións de edificios e obras (Clase 45.34, CPV 45316100-6).





c. Análise de execución por lotes

Segundo se ten sinalado no informe elaborado polo Arquitecta Asesora da Deputación, Dna. Eva María Reza Paz, non é conveniente a división en lotes do obxecto do contrato, dado que non podería manterse o prezo das unidades de obra, debendo incrementarse pola achega da maquinaria que non estaría dispoñible ao pertencer ao outro lote da obra. Asemade, de conformidade co recollido na memoria do proxecto, as obras proxectadas son susceptibles de utilización e constitúen unha unidade funcional, de aí a non división en lotes das mesmas.

d. Duración

Segundo o Proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial, D. Emilio Álvarez Suárez, colexiado nº 183, o prazo de execución da obra será de 3 meses.

Este gasto se financiaría con cargo ós seguintes conceptos de ingreso que se sinalan, do orzamento do exercicio 2021:

Concepto de ingresos	721.90	761.00
Importe	75.609,70 euros	18.902,43 euros
Total ingresos	94.513,13 euros	

7. Conclusións

Trátase dunha actuación de reforma do alumeadado público, cun valor estimado do contrato de 78.109,20 euros, non sendo necesaria a clasificación do contratista, prazo de execución de 3 meses e prazo de garantía de 1 ano.

Asemade, informouse da posibilidade da utilización do procedemento aberto simplificado e da non conveniencia de fraccionar o obxecto do contrato en lotes, ao ser as obras proxectadas susceptibles de utilización, constituíndo unha unidade funcional

Doutra banda, trátase dunha obra financiada por outras administracións:

a. Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE)

Achega 75.609,70 euros, consecuencia de subvención formulada no contexto do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

b. Deputación Provincial

Achega 18.902,43 euros, segundo subvención nominativa recollida nas Bases de Execución do Orzamento da institución provincial para o exercicio 2021.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

